



AXENCIA GALEGA
DA CALIDADE
ALIMENTARIA

CENTRO
INVESTIGACIONES
AGRARIAS
MABEGONDO



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

SEMINARIO TEMÁTICO

Cultivo e importancia da mazá de mesa e sidra en Galiza



MÉRCORES 28 DE XUÑO 2023

Localización: CFEA de Guísamo

09:00h – 09:30h Inauguración.

09:30h – 10:30h Coxuntura da mazá de sidra en Galiza.

10:30h – 11:30h Videoconferencia Enrique Dapena. Responsable Programa de Fruticultura, Investigador (SERIDA)

~ Pausa para café ~

12:00h – 13:00h Mesa redonda sobre a mazá de sidra.

13:00h – 14:00h Experiencias coa mazá de sidra no CFEA de Guísamo e visita ao Campo de ensaio.

~ Pausa para xantar ~

Localización: Centro de Investigaciónes Agrarias de Mabegondo

16:00h – 17:00h Mesa redonda da mazá de mesa.

17:00h – 18:00h Conferencia João Calisto Consultor de Fruticultura .

18:00h – 19:00h Visita Banco de Xermoplasma de Mabegondo.

XOVES 29 DE XUÑO 2023

Localización: Saída dende o CIAM

09:00h Visita a Finca Pazo de Des (Lalín).

Inscrições:

<https://foagro.xunta.gal/foagro/inscripcion/publica/accionesFormativas>

Contacto:xoseantonio.meixidefernandez@xunta.gal



AXENCIA GALEGA
DA CALIDADE
ALIMENTARIA

CENTRO
INVESTIGACIONES
AGRARIAS
MABEGONDO



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

SEMINARIO TEMÁTICO: CULTIVO E IMPORTANCIA DA MAZÁ DE MESA E SIDRA EN GALIZA.

A produción de mazá en Galiza tivo desde sempre moita importancia, derivada principalmente de ser un dos froitos de maior consumo, así como a súa boa adaptación aos condicionamentos naturais galegos. Destacaron de forma prioritaria un número moi importante de árbores illadas, trasladándose a modelos ordenados a partires do desenvolvemento da fruticultura nos anos sesenta. Conviviron desde sempre modelos de carácter extensivo ligados, principalmente, a formacións frutícolas denominadas pomares, con plantacións de carácter más intensivo para a producción, principalmente, de mazá de mesa. Este último modelo perdeu en gran medida o seu posicionamento nos mercados chegando a día de hoxe moi poucas referencias de plantacións en producción. Os dous modelos de producción de mazá, tanto para mesa como para sidra, non deron callado de forma sostible, permanecendo no tempo moitas árbores illadas de aproveitamento, principalmente, para sidra.

Nos últimos anos produciuse un repunte importante de plantacións regulares de mazá de sidra, para venta exterior, principalmente a Asturias e País Vasco, así como unha demanda cada vez maior de transformados na nosa comunidade. En mazá de mesa existen pequenas explotacións de venta en mercados de proximidade así como algúns fincas de certa entidade para venta en todo o territorio galego. A evolución tan importante do desenvolvemento varietal ligado a mercados moi globalizados fixeron que a mazá galega estivera centrada principalmente na producción de mazá autóctona de actitude sidreira. Non se estudou a posibilidade que a mazá de uso tradicional en Galiza puidese ter un mercado potencial tendo en conta valores intrínsecos a ditas castas como: proximidade, resistencia a enfermidades, calidade organoléptica, etc. No Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo mantívose o banco de Xermoplasma de maceiras no que se estivo a traballar en conservación e identificación de maneira importante. Un obxectivo sería lograr que desa colección se poida extraer algúns castas con interese comercial para mazá de mesa, ou de actitude mixta (mesa-sidra).

MÉRCORES 28 DE XUÑO 2023

A xornada dividirase en dous bloques, o primeiro, adicado a mazá de sidra, realizarase no CFEA de Guísamo entre as 09:00h e as 14:00h.

Localización: CFEA de Guísamo

09:00h – 09:30h Inauguración. Presentación das xornadas da man de José Luis Cabarcos Corral (Director Xeral do AGACAL), Manuel López Luaces (Xefe de Área de Formación, Innovación e Investigación do AGACAL), Mª Camino Nicolás Velado (Directora do CFEA de Guísamo) e Abelardo Nimo Silva (Director do CIAM).

09:30h – 10:30h Coxuntura da mazá de sidra en Galiza. Conferencia realizada por Javier Ascasíbar Errasti, Laboratorio Agrario e Fitopatóxico de Galiza.

10:30h – 11:30h Conferencia telemática Enrique Dapena de la Fuente, Responsable do Programa de Fruticultura e investigador do SERIDA (Principado de Asturias).

11:30h – 12:00h Pausa para café.

12:00h – 13:00h Mesa redonda da mazá de sidra. Coloquio para entender a situación actual dos modelos de cultivo e a realidade das asociacións e cooperativas de maceira de sidra en Galiza, para elo contaremos con Miguel Soto Alborés (Técnico Agrícola da Cooperativa Maestra), Jesús Rodríguez Raposo (membro da Asociación AFRUVAL), José Manuel Vázquez Porto (presidente da Cooperativa de Ullama), Alberto Gallego (Presidente de FAGRECO) e Juan Manuel Veiga Vázquez (fruticultor vinculado a Cooperativa Cabrinfolla).

13:00h – 14:00h Experiencias coa mazá de sidra no CFEA de Guísamo. Conferencia realizada por Xian Liñares García (Técnico Superior en Paixasismo e Medio rural) e Xosé Antonio Meixide Fernández (investigador do CIAM) e visita ao Campo de ensaio de mazá de sidra do CFEA de Guísamo.

14:00h – 16:00h Pausa para xantar.

Localización: Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)

16:00h – 17:00h Mesa redonda da mazá de mesa. Coloquio para entender a situación actual dos modelos de cultivo e a realidade das asociacións e cooperativas de maceira de mesa en Galiza, para elo contaremos con Francisco Otero Otero (Presidente da AFRUGAL), Ignacio Bellas (presidente do AGFA) e Manuel Varela Mecías (produtor de mazá de mesa)

17:00h – 18:00h Conferencia João Calixto, consultor de Fruticultura “ A producção da maçã de mesa no Norte do Portugal e na Galiza”

18:00h – 19:00h Visita ao Campo de Conservación das castas de mazá de cultivo tradicional en Galiza, do Banco de Xermoplasma de Mabegondo.

XOVES 29 DE XUÑO DE 2023

Visita a Finca do Pazo de Des, localizada en Lalín, o desprazamento realizarase en autobús.

09:00h Saída dende o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo. Prégase puntualidade.